



## **FUNDACIÓN PENZOL MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018**

### **I. RECOÑECIMENTOS, NOMEAMENTOS**

Xaneiro: O noso padroreiro Silvestre Gómez Xurxo incorpórase ao pleno do Consello da Cultura Galega en representación da Fundación Penzol, segundo o acordo do Padroado do 12 de decembro de 2017.

4 de xullo: A nosa padroeira Rosario Álvarez Blanco tomou posesión como Presidenta do Consello da Cultura Galega.

12 de xullo: Falecemento do noso Padroeiro vitalicio Xerardo Fernández Albor, ex-presidente da Xunta de Galicia, que tomou parte na constitución ante notario da Fundación Penzol, o día 7 de abril de 1963.

As nosas padroeiras María Dolores Cabrera Iglesias e María Dolores Villanueva Gesteira foron nomeadas padroeiras da Fundación Premios da Crítica de Galicia.

O noso padroeiro Marcelino Agís Villaverde foi nomeado Decano da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela.

### **II. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA FUNDACIÓN PENZOL**

24 de febreiro: Celebración do Día de Rosalía subindo ao Facebook catro imaxes de documentos do Arquivo da Fundación Penzol, dúas delas de manuscritos.

26 de abril: Inauguración da exposición organizada pola Fundación Penzol O DÍA DAS LETRAS GALEGAS. 55 ANOS DE HISTORIA, que estivo aberta ata o día 12 de xuño. Comisariada por María Dolores Cabrera Iglesias e Francisco Domínguez Martínez. Foi visitada por 1.324 persoas.

6 de xuño: Conmemoración do Día Internacional dos Arquivos coa subida ao noso facebook do borrador do escrito que, con data do 20 de marzo de 1963, foi remitido á Real Academia Galega e subscrito por tres dos seus membros, Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, solicitando a declaración do 17 de maio como Día das Letras Galegas, coincidindo co centenario da publicación da obra rosaliá "Cantares Gallegos". Estas tres persoas tomarían parte na constitución da Fundación Penzol poucos días despois, o 7 de abril de 1963.

26 de setembro: Conmemoración do Día Europeo das Línguas coa subida ao noso



facebook dunha imaxe de Ramón Piñeiro López e da edición do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega “A lingoaxe e as línguas”, lido en novembro de 1967, e no que dun xeito ensaístico aborda o valor da lingua e a súa relación coa identidade colectiva dun pobo, e máis en concreto do galego.

16 de novembro: Conmemoración do Día Internacional do Patrimonio coa subida ao noso facebook dunha imaxe da “executoria de fidalguía” do século XVI existente nos nosos fondos, con vistosas ilustracións, do testamento e fundación do morgado do capitán Juan de Gayoso, señor de Guntín e Canedo.

21 de novembro: Conmemoración do Mes da Ciencia coa subida ao noso facebook dunha imaxe da reprodución do mapa manuscrito de Domingo Fontán, doado por Alfonso Zulueta e en exposición permanente nas nosa instalacións.

Durante todo o ano 2018 recibimos a visita de 338 persoas en grupos procedentes de centros de ensino, asociacións, alumnado de universidades de Galicia e tamén unha visita do alumnado do Centro Santiago Apóstol de Buenos Aires. Nestas visitas guiadas cóntase unha breve biografía da Fundación Penzol e faise un percorrido polas instalacións de biblioteca e arquivo.

### **III. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS NAS QUE COLABOROU / PARTICIPOU A FUNDACIÓN PENZOL**

27 de xaneiro: Intervención do Director, Francisco Domínguez, en Rianxo, no acto de celebración do aniversario do nacemento de Castelao.

12 de abril: Colaboración na edición facsimilar do libro VIEIRO CHOÍDO de Xosé Luis Franco Grande, co que hai 61 anos se inauguraba a colección Illa Nova, xunto coa Fundación Illa Couto e a Editorial Galaxia.

15 de maio: Participación na homenaxe a Xosé Chao Rego en Santiago de Compostela. Interveu o noso Director, Francisco Domínguez Martínez.

15 de xullo: Participación na EXPOSICIÓN “CARTOGRAFÍA DE GALICIA. O ROSTRO DUN PAÍS” organizada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela. A Fundación Penzol cedeu imaxes do seu arquivo para reprodución facsimilar de mapas, así como tamén expositores. Na inauguración interviron o Presidente, Manuel Puga Pereira, e o Director, Francisco Domínguez Martínez.

25 de xullo: Ofrenda floral aos galegos ilustres en San Domingos de Bonaval. Acompañaron o ramo en representación da nosa fundación, Manuel Puga, presidente e María Dolores Cabrera, padroeira.



3 de setembro: A Fundación Penzol adhírese ao expediente de Honra iniciado polo Concello de Ourense para dedicarlle unha rúa á Coral de Ruada.

EXPOSICIÓN “ CASTELAO MAXISTRAL”, do 5/10/2018 ao 3/03/2019. Organizada pola Fundación Cidade da Cultura, Monte Gaiás, Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN “CON GALIZA SEMPRE NO HORIZONTE, CAMILO DÍAZ BALIÑO E ISAAC DÍAZ PARDO EN COMPOSTELA”, do 9/10/2018 ao 30/11/2018, organizada pola Universidade de Santiago de Compostela.

7 de novembro: Organización xunto co Instituto de Estudos Miñoráns da CONFERENCIA “ANTONIO E ANSELMO ARIAS TEIXEIRO: DOUS LULISTAS DO SÉCULO DA ILUSTRACIÓN”, pronunciada nos locais do Instituto por Miguel Álvarez Soaje, investigador dos fondos que existen na Fundación Penzol da Familia Arias Teixeira, vinculada ao Val Miñor. Foi presentado polo Director, Francisco Domínguez Martínez.

13 de novembro: A nosa padroeira María Dolores Cabrera Iglesias participou no “Obradoiro de ferramentas web básicas para a difusión do patrimonio”, organizado polo Consello da Cultura Galega.

## **IV. DIFUSIÓN**

### **1. Boletín Novas Penzol**

Grazas ao labor do noso padroeiro Silvestre Gómez Xurxo e ao apoio do noso persoal técnico, durante o ano 2018 continuamos coa difusión dos fondos bibliográficos e documentais desta institución, complementada cos da biblioteca-arquivo Francisco Fernández del Riego que comparten a nosa mesma sede:

- “ María Victoria Moreno: Sempre adiante”. Nº 18, abril 2018
- “ Executorias de fidalguía”. Nº 19, novembro 2018

### **2. Facebook**

Nesta rede rematamos o ano con 1624 seguidores.

### **3. Visitas institucionais**

16 de xaneiro e 7 de maio: Reunións do noso Presidente, Manuel Puga Pereira, co Concelleiro de Cultura de Vigo, Cayetano Rodríguez Escudero, para tratar asuntos varios relativos ao funcionamento da Fundación Penzol e ás prestacións recibidas por parte do



Concello de Vigo.

## **V. FONDOS BIBLIOGRÁFICOS**

### **1. Incremento de fondos bibliográficos**

Monografías rexistradas: 720 títulos

Revistas rexistradas: 47 títulos

### **2. Catalogación informatizada de fondos bibliográficos**

Monografías: 1177 rexistros

Revistas: 93 rexistros

## **VI. FONDOS ARQUIVÍSTICOS**

Catalogouse o fondo do noso Fundador Fermín Fernández-Penzol Labandera e da súa esposa Blanca Jiménez Alonso, con axuda conseguida ao abeiro da convocatoria da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Executáronse 697 rexistros que están accesibles no noso catálogo vía internet.

O día 3 de xaneiro terminouse a restauración do manuscrito da linaxe dos PAÇOS DE PROBEN.

### **1. Incremento de fondos arquivísticos**

O 10 de xullo, formalizouse a doazón do fondo Alfonso Zulueta de Haz nun acto público e para os medios de comunicación ao que asistiron unha 30 persoas. Fixo a doazón a súa viúva, María Teresa Fernández Cabaleiro. O fondo recolle documentación das moitas entidades e institucións das que formou parte o que foi o noso Presidente: Ateneo de Pontevedra, Editorial SEPT, Fundación Penzol, Fundación Torrente Ballester, Consello da Cultura Galega, etc.

No mes de xullo Carlota Álvarez Basso fixo unha segunda entrega de fondos documentais das familias de Darío Álvarez Blázquez e de Darío Álvarez Gándara.

No mes de outubro recibimos de José Luís Oñate García de la Rasilla, Marqués de Ugena, a doazón dunha carpeta co título “Proyecto de edificio para las Escuelas Públicas



de la Villa de Sarria”, do arquitecto Luís Bellido, datado en 1894, que inclúe, ademais das memorias, planos e outros documentos sobre a obra, un Manuscrito de Matías López (1891) manifestando a súa vontade de construción das escolas públicas no pobo que o viu nacer e formulando a dotación económica correspondente. Esta doazón é consecuencia das boas xestións do noso padroeiro Francisco Díaz-Fierros Viqueira.

## VII. DOADORES

### Particulares

ALEJO AMOEDO  
ANGEL NÚÑEZ  
ANTÓN COSTA RICO  
ANTÓN VIDAL ANDIÓN  
ANXO CABADA  
AVELINO POUSA ANTELO (Fondo)  
BERNARDO MÁIZ  
BIEITO LEDO  
CELSO MILLEIRO SÁNCHEZ  
CRIS PAVÓN  
ELISA CASADO  
FERNANDO PEREIRA GONZÁLEZ  
FERNANDO TORRES  
FRANCISCO DÍAZ-FIERROS  
FRANCISCO DOMÍNGUEZ  
FRANCISCO PEÑA  
HENRIQUE ALVARELLOS  
HENRIQUE MONTEAGUDO  
JUAN MIGUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
MANUEL CABADA CASTRO  
MANUEL PUGA PEREIRA  
MANUEL REI CHAO  
MARIA DOLORES CABRERA



MARIÁN VIDAL FRAILE  
MAXIMINO FERNÁNDEZ SENDÍN  
MIGUEL ÁLVAREZ SOAJE  
PATRICIA ARIAS CHACHERO  
PEDRO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
RAFAEL VALLEJO  
RAMÓN NICOLÁS  
RAMIRO BARROS JUSTO  
ROSA CAL MARTÍNEZ  
SILVESTRE GÓMEZ XURXO  
XAVIER GROBA  
XERARDO DASAIRAS VALSA  
XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ  
XOSÉ ANTONIO GULÍAS LAMAS  
XOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ SALGADO  
XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ  
XULIÁN PARGA

#### Editoriais

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA  
ENCRUCILLADA  
GALAXIA

#### Institucións

ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA  
AMIGOS DE LOS PAZOS  
ARQUIVO DE GALICIA  
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO  
CIDADE DA CULTURA  
CONCELLO DE CAMBRE



CONCELLO DE MARÍN  
CONCELLO DE OUTES  
CONCELLO DE OROSO  
CONCELLO DE VERÍN  
CONCELLO DE VIGO  
CONCELLO DE XERMADE  
CONCELLO DO PORRIÑO  
CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA  
INSTITUTO PADRE SARMIENTO  
INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES  
MUSEO ARQUEOLÓXICO DE OURENSE  
MUSEO DO MAR  
MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA  
MUSEO MASSÓ  
REAL ACADEMIA GALEGA  
SEPT  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
UNIVERSIDADE DE VIGO  
XUNTA DE GALICIA

### VIII. PRÉSTAMOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

O préstamo de orixinais da biblioteca e do arquivo, para a edición de facsímiles, publicacións e reproducións gráficas e audiovisuais, así como para o desenvolvemento de exposicións, supón unha aportación imprescindible para algunhas iniciativas culturais organizadas por diversas institucións públicas e privadas.

<b>Préstamos 2017</b>	<b>Total pezas</b>
Traballos editoriais e difusión	9
Exposicións	2



## IX. ESTADÍSTICAS

Neste ano 2018 os nosos servizos de biblioteca e arquivo só estiveron abertos ao público pola mañá, debido a razón técnicas.

### 1. SERVIZO DE CONSULTA EN SALA: USUARIOS CLASIFICADOS POR TIPO DE CONSULTA

2018	Teses	Investigación	Traballos académicos	Outros	Total
xaneiro	0	33	3	10	46
febreiro	2	35	1	12	50
marzo	3	24	0	7	34
abril	9	20	4	13	46
maio	4	27	3	2	36
xuño	3	37	0	3	43
xullo	0	24	0	6	30
agosto	1	22	1	2	26
setembro	0	23	0	2	25
outubro	0	22	0	16	38
novembro	0	24	5	5	34
decembro	1	32	0	3	36
<b>TOTAL</b>	<b>23</b>	<b>323</b>	<b>17</b>	<b>81</b>	<b>444</b>
<b>TOTAL CONSULTAS EN SALA</b>					<b>444</b>



## 2. SERVICIO DE CONSULTA EN SALA: CONSULTAS CLASIFICADAS POR TIPO DE MATERIAIS

<b>Ano: 2018</b>	<b>Libros</b>	<b>Revistas</b>	<b>Arquivo</b>	<b>Total consultas</b>
xaneiro	212	14	3	<b>229</b>
febreiro	143	10	12	<b>165</b>
marzo	105	8	27	<b>140</b>
abril	129	20	10	<b>159</b>
maio	79	7	11	<b>97</b>
xuño	121	18	4	<b>143</b>
xullo	106	12	15	<b>133</b>
agosto	90	7	20	<b>117</b>
setembro	68	4	9	<b>81</b>
outubro	131	0	5	<b>136</b>
novembro	140	9	7	<b>156</b>
decembro	143	3	4	<b>150</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1.467</b>	<b>112</b>	<b>127</b>	<b>1.706</b>
<b>TOTAL USUARIOS EN SALA</b>				<b>1.706</b>

## 3. CONSULTAS EN INTERNET

Consultas en Arquivo: 1.129

Consultas en Biblioteca: 916

## 4. Servizo de información bibliográfica e referencia por teléfono e/ou por correo-e

- N° de usuarios: 35
- N° de fondos consultados: 262



## 5. Servizo de copia das coleccións

- N° de fotocopias: 1.814
- N° de dixitalizacións: 267
- N° de usuarios / solicitudes: 67 (de fotocopias), 31 (de dixitalizacións)

## 6. Temas das consultas e investigacións

### XANEIRO

- O reino suevo
- Xenealoxías galegas
- Oratoria
- Liga de defensores de Vigo
- Tino Grandío
- Publicación periódicas
- Xogos florais (Vilagarcía de Arousa)
- Xeografía Xeral do Reino de Galicia
- Cancioneiro popular
- Xenealoxía de Galicia
- A Nosa Terra
- Os corsarios
- Arquivos da Casa Galega da Cultura
- Arte e galeguismo
- Exposición industrial de Galicia
- Prensa alternativa en Galicia
- Exposición prensa periódica Rosa Cal
- Exposición Día das Letras Galegas
- Sección local de Vigo

### FEBREIRO

- Os corsarios
- O reino suevo
- Arquivística e xestión de documentos
- Escritores galegos
- Estudos locais de Vigo
- Exposición Día das Letras Galegas
- Arte galega



- Paisaxe na Idade Media
- Prensa galega: La Gaceta de Galicia
- Publicacións periódicas en Vigo, Santiago e Ferrol (1914-1920)
- Xeografía de Galicia
- Proxecto Gondomar (textos en galego)
- Mitos e lendas galegas
- Xeografía galega
- Arqueoloxía de Galicia
- Camiño portugués interior de Santiago de Compostela
- Revista Atlántica e Xulio Verne
- Premios da Crítica
- Editorial Castrelos e Monterrey
- Xohana Torres
- Revistas galegas
- Biografía de Castelao

## **MARZO**

- O reino suevo
- Arquivo Xosé María Álvarez Blázquez
- Historia medieval de Beade
- Música Martín Códax
- Exposición sobre Día das Letras Galegas
- Pazo de Meirás
- Publicacións periódicas galegas
- Reconquista e independencia de Beade
- La Artística: 1906-2006
- Traballo en prensa
- Pan e pasteis
- Ramiro Cartelle
- Manuscritos de Sarmiento
- Arqueoloxía galega
- A saúde e Correspondencia de Ramón Piñeiro
- Cousas de Castelao
- José Andrés Cornide y Saavedra
- Redondela na obra de Pier M. Baldi
- Xeografía de Galicia

## **ABRIL**

- O reino suevo
- Ramón Piñeiro e a saúde



- Xeografía de Galicia
- A Nosa Terra
- Publicacións periódicas galegas
- Estudo xenealóxico de Soutomaior
- María Victoria Moreno
- Os corsarios
- Correspondencia de Ramón Otero Pedrayo
- Sección local de Vigo
- Literatura portuguesa
- O Partido Galeguista durante a II República
- O Matriarcado en Galicia
- O Conde de Gondomar
- Boletín da Real Academia Galega
- Megalitismo atlántico

## **MAIO**

- O reino suevo
- O Plebiscito de Autonomía de 1936
- Rogelio Rivero e a Irmandade da Fala de Vigo
- María Luz Morales, a gran señora da prensa
- Ramón Piñeiro e a filosofía da saudade
- O Partido Galeguista durante a II República
- Revistas galegas
- Xenealoxías galegas
- Xosé Neira Vilas
- A Comarca de Monterrei
- Eloy Luís André
- A obra de Xesús Rodríguez López
- Planos de Vigo
- Os corsarios
- Historia do humor gráfico galego
- Aníbal Otero
- Dicionario de sinónimos
- A Biblioteca García Barbón
- Xeografía de Galicia
- As Orixes na Gallaecia e a minaría do ouro

## **XUÑO**

- O reino suevo
- Xenealoxías galegas
- Verísimo Vázquez



- 150 anos de teatro lírico
- A época sueva
- Manuel Murguía
- A Biblioteca García Barbón
- Historia do humor gráfico galego
- Manuais e tratados de relojería hispánica
- A obra dramática de Castelao
- Lois Tobío Fernández
- Ramón Piñeiro, o filósofo da saudade
- Thomas Mansfield
- Estudo sociolóxico de Vigo : 1900-1940
- 100 obxectos da comarca de Monterrei
- Patrimonio etnolóxico
- Xenealoxía de Vigo
- Ramón Otero Pedrayo
- Parroquia de Laias (Cenlle)
- Lendas de Galicia
- Corsarios galegos
- Revistas galegas
- Alfonso VII
- Menéndez Pelayo

## **XULLO**

- O reino suevo
- Revistas galegas
- Comarca de Monterrei
- Alemaña en Otero Pedrayo
- Laxeiro, poeta da pedra
- Antón Fraguas
- Xoán Carlos Domínguez Alberte
- Publicacións periódicas
- Literatura do século XIX
- Urbano Gómez González
- Ricardo Carballo Calero e o galeguismo
- Carlos Maside
- A Batalla de Rande
- Bernardo de Buixó
- Lazareto San Simón
- Exposición Emigración-Exilio
- Diccionario da comida galega



## **AGOSTO**

- Literatura do século XIX
- O reino suevo
- Os ríos do contorno de Vigo
- Viana do Bolo
- O humanismo no século XVI en Galicia
- Revistas galegas
- Vida e obra de Ramón Otero Pedrayo
- Historia de la ópera en Vigo
- O ideario de Ricardo Mella

## **SETEMBRO**

- Os ríos do contorno de Vigo
- O reino suevo
- Dicionario da comida galega
- Xeografía de Vigo
- Figura e época do empresario galego José Fernández López
- Edición dun texto do Cura de Fruíme
- Publicacións na Transición
- Movilidade e tranvías
- “Vida gallega”
- Documentos para o Álbum de Mulleres

## **OUTUBRO**

- Os ríos do contorno de Vigo
- O reino suevo
- Publicacións periódicas (A Nosa Terra)
- Congresos forestais
- Dicionario de zooloxía
- Documento marco sobre a siniestralidade na rede viaria de Galicia
- Correspondencia García Sabell con Otero Pedrayo
- Xeografía galega
- Prensa alternativa Galicia
- Documentación sobre un “onbú” no Castro
- Hispanoamérica
- Veciñanza histórica: españois e franceses
- Historia da vila de Rexo
- Socioloxía da lingüística galega



- Pedro Álvarez de Sotomayor
- Figura de Unamuno
- Correspondencia de Otero Pedrayo e Rodolfo Prada
- Coro galego tradicional “Agarimos da terra”
- Poesía contemporánea
- Ricardo Carballo Calero
- Arqueoloxía en Monterrei
- Historia do Instituto de Ensino Secundario do Castro
- Introducción á novela contemporánea
- A colección Árbore e M.<sup>a</sup> Victoria Moreno

## **NOVEMBRO**

- Bibliografía de Ostetu Arce
- Os ríos do contorno de Vigo
- O reino suevo
- Obra de Manuel Vidal Villaverde
- Río Támega
- Ortografía do século XIX
- María Mercè Marçal e A Nosa Terra
- Biografía de M. Echegaray
- Beade 1668
- Correspondencia de Antón Fraguas
- Revistas galegas
- Escolas de Artes e Oficios de Vigo
- Cine Goya de Vigo
- María Victoria Moreno e a colección Árbore de Galaxia
- As parroquias no tempo dos Suevos
- O tallista Pena

## **DECEMBRO**

- Isaac Díaz Pardo e o teatro: estudo das súas escenografías
- Os ríos do contorno de Vigo
- O reino suevo
- Xenealoxías de Galicia
- Revistas galegas
- Publicacións periódicas
- Proxecto Ardora
- Beade e a Guerra da Independencia
- Pepa a Loba
- Historia local de Vigo
- O acibecheiro Pena
- O circo soviético



- Seoane
- A novela curta galega
- Literatura do século XIX
- Martín Códax, O Pergamiño Vindel e a súa importancia na lírica galego-portuguesa
- O circo en Galicia

## 7. DE EXTENSIÓN BIBLIOTECARIA E CULTURAL: VISITAS ORGANIZADAS Á FUNDACIÓN PENZOL E Á CASA GALEGA DA CULTURA

DATA	Visitas de grupos e actividades	Nº asistentes	
		mañá	tarde
16/01/18	1º ESO IES de Valadares 1º A. Vigo	28	
17/01/18	1º ESO IES de Valadares 1º B. Vigo	28	
18/01/18	1º ESO IES de Valadares 1º C. Vigo	28	
19/01/18	1º ESO IES de Valadares 1º D. Vigo	27	
22/03/18	Alumnado IES Ribeira do Louro. O Porriño	35	
01/04/18	Alumnado Colexio Fogar Cínica San Rafael de Vigo	8	
11/05/18	Grupo de persoas interesadas pola cultura galega	9	
15/05/18	Alumnas do curso "Coñecemento de Vigo a través da súa historia" da Concellería de Igualdade		15
18/05/18	Alumnado do IES San Tomé de Freixeiro de Vigo	32	
29/05/18	Usuarios da Asociación Alborada de Vigo	8	
30/05/18	Alumnado do CEIP Santa Tegra de Teis. Vigo	31	
10/07/18	Acto de doazón do fondo Alfonso Zulueta de Haz	28	
26/09/18	Alumnado do Centro Santiago Apóstolo de Bos Aires	19	
21/11/18	Alumnado senior da UNED de Vigo		57
20/12/18	Alumnado senior da UVIGO		26
		<b>283</b>	<b>55</b>
		<b>338</b>	



## **X. PERSOAL: CONTRATOS E PRÁCTICAS**

Por medio do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, dous alumnos realizaron prácticas centradas no inventario de fondo antigo sen clasificar. A duración foi de 180 horas cada un, desde o 29 de xaneiro ao 28 de febreiro.

Debido ás xubilacións e baixas do persoal subalterno, prestaron servizo como contratadas temporalmente polo Concello de Vigo tres persoas durante 6 meses cada unha. Tamén se incorporou unha cuarta persoa que causou baixa ao cabo dunha semana.

Igualmente, durante dous meses deste ano, contratou o Concello de Vigo un técnico medio de arquivos, cun contrato por seis meses que comezou o 5 de novembro.

O 2 de setembro xubilouse unha persoa do persoal subalterno.

Seguimos contando coa colaboración de Xavier Fernández Nogueira